

ACORDO do 6 de abril de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico), en relación co proxecto do parque eólico Paradela, nos concellos de Paradela, Bóveda, Sarria e O Saviñao (expediente IN408A 2019/005). DOG Núm. 74, do 19 de abril de 2022. **Prazo para o envío de alegacións ata o 01/06/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220419/AnuncioG0596-060422-0006_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/paradela>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Paradela 31,50 MW.	Green Capital Power, S.L.	Paradela, Bóveda, Sarria e O Saviñao (Lugo)	<p>– Sete (7) aeroxeradores modelo Nordex N155 4,5 MW 120 HH ou similar, de 4.500 kW de potencia nominal unitaria cun diámetro de rotor de 155 m, montados sobre torres tubulares tronco-cónicas de 120 m de altura.</p> <p>– Sete (7) centros de transformación instalados no interior da torre de cada un dos aeroxeradores, formados por transformadores de 5.350 kVA de potencia nominal e relación de transformación 0,690/30 kV, celas de media tensión de 30 kV e os correspondentes equipamentos de protección, telemando e demais elementos auxiliares.</p> <p>– Rede colectora soterrada de 30 kV, conformada polos cables de MT, con condutor tipo RHZ1-20L-AL-H16C 18/30 kV, os cables de comunicación e os cables de terra, que unen os aeroxeradores entre si e coa subestación elevadora Paradela, co obxecto de evacuar a enerxía xerada.</p> <p>– Unha (1) torre meteorolóxica de 120 m de altura, con función de torre permanente do parque e capacidade autoportante.</p> <p>– Subestación eléctrica elevadora Paradela 30/220 kV de intemperie, con dous niveis de tensión de simple barra, constituída por:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Un parque de intemperie en que se instala unha posición liña-transformador en 220 kV con aparelaxe convencional illada ao aire. • Un transformador de potencia 30/220 kV de 35 MVA. • Un edificio de control que alberga nunha sala as celas compactas de MT, blindadas e illadas en SF6 e elementos auxiliares. <p>– Liña aérea de alta tensión de 220 kV, que transporta a enerxía xerada á subestación colectora de 220/30 kV que, pola súa vez, está interconectada coa SE Belesar 220 kV (REE). Lonxitude do novo tramo aéreo, 48 m, que</p>

			<p>ten o seu inicio no apoio AP1, que se vai instalar baixo a traza da LAAT 220 kV propiedade de ENEL, e o seu final nos pórticos da futura subestación transformadora Paradela 30/220 kV, que se localiza no municipio de Paradela. Conductor 242-AL1/39-ST1A (LA-280/HAWK).</p> <p>– Obra civil consistente en camiños de acceso aos aerogeradores, cimentacións, plataformas dos aerogeradores e gabias de cablaxe.</p>
--	--	--	--

Obxecto da información pública:

- Proxecto de execución (de marzo de 2021) das instalacións para os efectos da súa autorización administrativa previa e de construción.
- Estudo de impacto ambiental (4 de agosto de 2021).
- Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico, de marzo de 2021).